



INSTRUCCIÓN DE 1 DE SETEMBRO DE 2014, DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS EN RELACIÓN COA ORGANIZACIÓN E O FUNCIONAMENTO DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES, DURANTE O CURSO 2014/2015, NOS CENTROS DOCENTES DE NIVEIS NON UNIVERSITARIOS, DE TITULARIDADE DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.

Necesitamos propiciar as condicións que permitan o oportuno cambio metodolóxico, de forma que o alumnado sexa un elemento activo no proceso de aprendizaxe.

Esta afirmación, recollida no preámbulo da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, apoia unha tendencia iniciada por algúns centros educativos galegos nos últimos anos, con experiencias de innovación metodolóxica que, en moitos casos, se inicia coa posta en marcha dunha **biblioteca activa**, capaz de dar apoio a prácticas e programas que buscan o desenvolvemento integral do alumnado, cun enfoque competencial e no que os estudantes son os protagonistas das súas aprendizaxes.

A biblioteca escolar serve, ademais, de canle para a integración das tecnoloxías da comunicación que a sociedade vai desenvolvendo, e ofrece a posibilidade de acceso igualitario aos bens culturais, independentemente do estrato económico e cultural de procedencia, actuando como axente de compensación social. Así mesmo, devén nun recurso fundamental para a formación do alumnado nunha sociedade da información que demanda cidadáns dotados de destrezas para a consulta eficaz das distintas fontes informativas, a selección crítica das informacións e a construción autónoma do coñecemento.

Fundamentalmente, unha biblioteca escolar activa apoia, cos seus recursos e as súas actividades, a formación de lectores e lectoras competentes, capaces de realizar unha lectura crítica de textos de diversa tipoloxía, en formatos e soportes variados e con distintas finalidades. Esta biblioteca ofrece múltiples oportunidades para a lectura e, tamén, para compartir a experiencia lectora entre os distintos membros da comunidade educativa, nunhas prácticas que teñen demostrado o seu efecto beneficioso sobre a motivación do alumnado, a creación de ambientes proclives á lectura e á experiencia cultural en xeral.

Son estas bibliotecas as que poden favorecer a **alfabetización múltiple**, un concepto que desenvolve, amplía e actualiza o concepto de lectura, tal e como se entendía ata o momento, e que aparece recollido no documento de referencia do Consello da UE (2012): *Conclusións do Consello, de 26 de novembro de 2012, sobre alfabetizacións múltiples. Diario Oficial da Unión Europea*.¹

¹ <http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:C:2012:393:0001:0004:ES:PDF>



Neste contexto defínese a alfabetización múltiple como a *“comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información, incluídos os textos e imaxes, escritos, impresos ou en versión electrónica”*, abundando en que esta *“competencia é esencial para a vida”* e que *“é a porta cara ao resto das aprendizaxes”*.

A Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola LOMCE², no seu artigo 113 segue a facer unha mención específica ás bibliotecas escolares sinalando que os centros de ensinanza disporán dunha biblioteca escolar, que estes recursos educativos contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias, e poida formarse no uso crítico dos mesmos, debendo contribuír estas bibliotecas escolares a facer efectivos os principios pedagóxicos referidos á lectura, e dispoñendo que a organización das bibliotecas escolares deberá permitir o seu funcionamento como espazo aberto á comunidade educativa dos respectivos centros.

O propio Ministerio de Educación fixo público en 2011 o Marco de referencia para las bibliotecas escolares³, no que se definen como *“centros de recursos de lectura, información e aprendizaxe: contornos educativos específicos integrados na vida da institución escolar. Apoian o profesorado no exercicio das súas prácticas de ensinanza e facilitan ao alumnado a aprendizaxe dos contidos curriculares, así como a adquisición de competencias e hábitos de lectura, nunha dinámica aberta á comunidade educativa.*

Estas bibliotecas deben permitir o acceso a materiais informativos actualizados, diversos, apropiados, suficientes en número e calidade, e contemplar todas as áreas do currículo. Son espazos, tamén, para a lectura, propiciadores de experiencias gratas de encontro e convivencia cos libros e cos recursos culturais en xeral. Deben apoiar os programas do centro no seu conxunto, especialmente aqueles que vaian enfocados á formación no uso crítico e ético da información e na transformación desta en coñecemento”.

A normativa curricular vixente, por outra parte, contempla a obrigatoriedade de que todos os centros de ensino non universitario elaboren os seus Proxectos Lectores de Centro, nos que a biblioteca escolar ten un protagonismo esencial, co fin de articular as actuacións de todo o profesorado destinadas á consecución dos obxectivos pedagóxicos referidos á adquisición da competencia lingüística e das habilidades no uso da información, así como á adquisición e consolidación do hábito da lectura.

Os avances vividos nos últimos anos neste sentido modificaron de forma significativa a presenza da lectura nos centros. A meirande parte dos centros de primaria, e un bó número dos de secundaria, adican un tempo á lectura en horario lectivo, a comunmente

² Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

³ Marco de referencia para las bibliotecas escolares. Ministerio de Educación (2011).



denominada “hora de ler”, na que se poñen en práctica distintas fórmulas (lectura silenciosa sostida, lecturas guiadas, lectura en voz alta, proxectos arredor dun libro...) que derivan nun maior compromiso do alumnado coa súa formación como lectores. Os clubs de lectura son outra realidade que se observa con gran interese desde dentro e fóra de Galicia, como unha das prácticas máis enriquecedoras para o alumnado que voluntariamente participa nestas iniciativas, que están demostrando a súa potencialidade no desenvolvemento de competencias clave, máis aló da evidente formación lectora. A implicación das familias a través de actividades como as “mochilas viaxeiras” ou as sesións de lectura compartida, tan comúns nos centros de infantil e primaria, é fundamental para avanzar na sensibilización do alumnado, e da sociedade en xeral, sobre a necesidade de contar cuns niveis de lectura comprensiva e de apego á lectura (independentemente do contido, o soporte ou o formato), como ferramenta de construción persoal e social. Todas estas dinámicas serían impensables sen un instrumento esencial como é a biblioteca escolar, con profesorado formado e dinámico á súa fronte e unha comunidade educativa organizada e comprometida coa súa existencia nos centros.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, puxo en marcha no ano 2005 un programa para a mellora das bibliotecas escolares (o Plan de mellora de bibliotecas escolares), integrado agora no PLAN LÍA 2010/2015 de Bibliotecas Escolares (Lectura, Información e Aprendizaxe). Tras nove convocatorias continuadas, este programa permitiu unha visible renovación dos equipamentos das bibliotecas que se foron incorporando, grazas a unha inversión importante das administracións educativas, pero tamén un significativo cambio no modo de entender o papel das bibliotecas nos centros educativos, que viron ampliadas as súas funcións, especialmente a de apoio ao desenvolvemento do currículo. Os esforzos realizados polas comunidades educativas na organización dos recursos tanto materiais como humanos contribuíron a esta renovación, e acadaron, ademais, recoñecemento a nivel nacional e internacional e, o que é máis importante, representan un importante apoio a todas as ensinanzas que se imparten nos centros e á formación do alumnado como lectores e como usuarios de información.

Por outra parte, os resultados do Informe PISA 2012, permíten afirmar que os esforzos da administración e das comunidades educativas comeza a verse plasmado en mellores resultados. Neste estudo os mozos e mozas galegos presentan uns índices de competencia lectora (499 puntos) superior á media europea (489), á media española (488) e tamén á media dos países da OCDE (496). Sen dúbida, os esforzos no ámbito das bibliotecas escolares e a maior presenza da lectura nos centros teñen contribuído a esta mellora.

A experiencia destes últimos anos pon de manifesto a importancia dun equipo estable de biblioteca e a existencia dunha coordinación con tempo dispoñible, experiencia e formación, para que os avances sexan posibles, para que a biblioteca teña un mínimo de



continuidade e para lograr resultados significativos no ámbito da lectura e doutras competencias clave.

A orde de 17 de xullo de 2007 (DOG de 24/07/2007) que regula a percepción do compoñente singular do complemento específico por función tutorial e outras funcións docentes, recolle nos seus artigos 9º e 10º unha definición do que é a dinamización da biblioteca e as funcións que corresponden a esta dinamización.

Á vista da necesidade de seguir avanzando, da convicción de que as bibliotecas escolares son un factor de calidade do ensino que ofertan os centros educativos galegos, e como resultado de todo o anteriormente exposto, elaboráronse as presentes instrucións co obxecto de garantir o mantemento do nivel de excelencia acadado por unha boa parte das bibliotecas integradas no Plan de mellora de bibliotecas escolares, e favorecer a extensión a todos os centros dun modelo que facilita a consecución de logros a nivel académico e que beneficia a toda a comunidade educativa. Serán de aplicación en todos os centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que imparten ensinanzas de nivel non universitario, coa adaptación pertinente ás diferentes tipoloxías de centros.

En consecuencia, esta dirección xeral, no exercicio das súas competencias, **dita as seguintes instrucións para o curso 2014/2015:**

Primeira: A biblioteca, como centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe.

- 1. Todos os centros de nivel non universitario deberán establecer as medidas organizativas oportunas para poñer a disposición de alumnado e profesorado e, na medida do posible, do resto da comunidade educativa, unha biblioteca escolar** que favoreza o achegamento a libros informativos e de ficción, e a outros recursos informativos, en soporte impreso, audiovisual ou electrónico; presentes na biblioteca ou dispoñibles a través de internet; relacionados cos contidos do currículo ou que poidan cubrir a variedade de intereses de lectura e de aprendizaxe.

Esta biblioteca, concibida como un centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe, deberá facilitar oportunidades de aprendizaxe diversas, e ocasións para o encontro entre os distintos membros da comunidade educativa en relación coa lectura, o acceso ao coñecemento e a cultura en xeral.

- 2. No caso extremo de falta do espazo, ou cando as características do centro non faciliten a creación dunha biblioteca central con espazos diversificados, suficientes e con funcións especializadas, deberá deseñarse unha “biblioteca distribuída”,** onde as bibliotecas de aula e outros espazos dedicados á



posibilitar fontes informativas ou actividades relacionadas con lectura ou tratamento da información conformen, no seu conxunto, “a biblioteca”, e que terá as mesmas funcións que unha biblioteca escolar centralizada. **En circunstancias normais (e aínda que o espazo sexa reducido) non se poderán separar os recursos en lugares distintos por mor do soporte (impreso/dixital); pola contra, procurárase unha integración equilibrada entre os diferentes soportes e formatos e garantirase o acceso do alumnado ás fontes informativas, nun mesmo espazo, en función do contido e as finalidades da consulta.**

En termos xerais, as bibliotecas de aula ou departamento serán considerados como seccións da biblioteca escolar do centro, e deberá realizarse unha xestión centralizada de todos os seus recursos (aínda cando algúns materiais poidan estar temporal ou definitivamente situados nesas seccións). A biblioteca central deberá contar cun número suficiente de ordenadores con acceso a internet, de forma que se garanta unha consulta equilibrada, no mesmo proceso de busca, de distintas fontes informativas. A existencia dunha “aula de informática” no centro, en moitos casos, non é garantía suficiente de acceso aos distintos recursos dixitais para todo o alumnado nos procesos de busca e contraste de información, polo que se deberá ter en conta esta circunstancia á hora de redistribuír os recursos dispoñibles.

3. **Os centros establecerán unha partida específica para o mantemento da biblioteca escolar, dentro dos orzamentos xerais do centro.**

Atendendo a directrices internacionais debería oscilar entre un 5% e un 10% do orzamento do centro, tendo en conta que a biblioteca subministra fontes informativas para todas as áreas de aprendizaxe do centro, e diseña actividades para toda a comunidade educativa. A este orzamento ordinario, sumaranse as dotacións extraordinarias que poidan recibirse desde a administración educativa para o mantemento da colección ou mellora dos equipamentos básicos.

4. **O equipo directivo tomará as medidas organizativas oportunas que garantan o correcto funcionamento deste servizo educativo.**

*A biblioteca escolar é un instrumento imprescindible para o traballo por competencias e o desenvolvemento do currículo. Por esta razón, o equipo directivo, no exercizo das súas funcións, deberá promover que todo o profesorado contemple este recurso como un apoio para o exercicio das súas funcións docentes, e **contribúa coa súa actuación directa ou indirecta, e na medida do posible, á súa existencia.***



5. **A biblioteca escolar deberá facilitar o tratamento transversal dos contidos e un enfoque interdisciplinar en proxectos e actividades**, contribuíndo así aos cambios metodolóxicos imprescindibles.

As bibliotecas escolares están liderando, na nosa comunidade, a introdución de metodoloxías de aprendizaxe por proxectos, realizando propostas, coordinando e apoiando directamente proxectos de carácter interdisciplinar, ademais de apoiar cos seus recursos o desenvolvemento de proxectos de investigación e traballos por proxectos nas distintas áreas ou materias. Cómpre continuar nesta liña, diante dos beneficios observados nos centros que xa teñen un certo percorrido neste sentido. A comezos de curso farase pública a resolución do concurso de Traballos por Proxectos, convocado por esta dirección xeral, e difundiranse as experiencias de maior interese, que poidan servir de guía e inspiración para outras propostas.

6. **A biblioteca** será tamén o “núcleo” da atención á formación de hábitos de lectura no conxunto da comunidade educativa, polo que **deberá deseñar e apoiar actividades para o fomento da lectura que contemplen os distintos sectores que a conforman, procurando a colaboración de todos eles.**
7. **A utilización da biblioteca concirne a todo o profesorado**, a todas as áreas, etapas e niveis, e a todos os programas nos que está inmerso o centro para o desenvolvemento do seu Proxecto Educativo.
8. **O Proxecto Lector de Centro terá que ter unha vinculación estreita coa biblioteca escolar.**

Tal e como aparece recollido nos anexos aos decretos dos currículos de primaria ⁴e secundaria, que regulan a elaboración do Proxecto Lector de Centro (e no que a biblioteca é un elemento esencial para a consecución dos seus obxectivos), este deberá contribuír á mellora das habilidades de lectura e escritura, así como á adquisición de competencias no tratamento da información.

Segunda. Organización da biblioteca escolar

Recoméndase tomar como referencia o anexo X da Orde de 25 de marzo de 2014, pola que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non

⁴ Decretos 130/2007, de 28 de xuño e 133/2007, de 5 de xullo, que regulan as ensinanzas de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Orde do 23 de xullo de 2014 pola que se regula a implantación para o curso 2014/2015 dos cursos primeiro, terceiro e quinto de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o calendario de aplicación da Lei orgánica 8/2013 para a mellora da calidade educativa.



universitarios, de titularidade desta consellería para o curso 2014/2015 (DOG do 10/04/2014), que recolle as orientacións desta consellería en relación á organización e funcionamento das bibliotecas escolares. Achégase como anexo a estas instrucións.

1. Os documentos organizativos do centro deberán facer referencia á existencia da biblioteca escolar, á súa organización e funcionamento. O Proxecto Educativo de Centro deberá integrar, así mesmo, o Proxecto Lector de Centro, elaborado segundo as pautas que se recollen a tal efecto nos anexos aos currículos de ensino primario e de ensino secundario da Comunidade Autónoma.
2. Para un acertado desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro, deberán elaborarse Plans Anuais de Lectura que recolleran entre outros aspectos, unhas liñas prioritarias de actuación para a biblioteca.

Estas liñas prioritarias deberán contemplar, como mínimo, actuacións:

- a. *En relación coa organización e xestión (automatización e organización da colección, incluídos os recursos electrónicos seleccionados; provisión de recursos, en distintos soportes e formatos; servizos bibliotecarios básicos; mecanismos para a difusión da información; espazos dixitais (páxina web, blogue ou presenza nas redes sociais; persoa designada como responsable/dinamizadora da biblioteca escolar; equipo de apoio; usos e horarios de apertura en tempo lectivo e non lectivo).*
 - b. *En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.*
 - c. *En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional (ou de uso e tratamento da información, incluída na actual competencia dixital).*
 - d. *En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto lector de centro.*
 - e. *Outras actuacións relacionadas con proxectos e programas nos que está inmerso o centro.*
 - f. *Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos a utilizar.*
3. O equipo de apoio á biblioteca, xunto coa persoa designada como responsable da biblioteca escolar, e en colaboración coa xefatura de estudos será o encargado de elaborar os plans de traballo anuais que favorezan a participación nas actividades e o uso por parte de alumnado e profesorado das distintas fontes informativas e da variedade de servizos da biblioteca escolar, en beneficio de todas as áreas e materias.
 4. Desde a biblioteca escolar se coordinarán as actuacións para o desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro e deberán contemplarse os



beneficios de experiencias xa contrastadas como “hora de ler”, actividades de lectura compartida ou os clubs de lectura.

*A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da páxina da Asesoría de bibliotecas escolares e outros espazos do Portal Educativo pon a disposición do profesorado múltiples recursos informativos, así como exemplos de experiencias en centros de referencia da Rede de bibliotecas escolares, co fin de facilitar estes labores de deseño e posta en marcha de actividades de innovación en relación coas funcións da biblioteca segundo o modelo proposto.*⁵

Terceira: Profesorado responsable da biblioteca escolar e do equipo de apoio.

1. Tal e como aparece recollido na Orde de 17 de xullo de 2007⁶, no seu artigo 8º, **a dirección do centro designará unha persoa como responsable da biblioteca escolar** por un período mínimo de dous anos, dando prioridade á súa formación específica, a experiencia, o interese e a dispoñibilidade horaria, e que actuará baixo a coordinación da xefatura de estudos. As funcións desta dinamización están recollidas no artigo 10º da devandita orde.

Cómpre ter en conta que a experiencia na biblioteca escolar, xunto coa formación que se vai adquirindo de forma paulatina, contribúen á especialización do profesorado neste ámbito, o que constitúe unha garantía de estabilidade e de continuidade. Recoméndase que se favoreza, no posible, a permanencia do profesorado nestas funcións, máis aló dos dous anos que se marcan como mínimo.

2. **Crearase, así mesmo, un equipo de apoio á biblioteca**, formado por profesorado do centro dos distintos ciclos, etapas ou departamentos existentes no centro, para garantir o seu carácter interdisciplinar. **A persoa responsable da biblioteca integrarase na Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro.**

Trala experiencia destes últimos anos do programa de bibliotecas, e en canto á composición do equipo da biblioteca, **débense ter en conta as seguintes cuestións:**

- a. **Cómpre garantir a estabilidade e adecuación do equipo de apoio e da persoa responsable da biblioteca escolar que o coordina.**
Dunha selección axeitada da persoa responsable da biblioteca e da continuidade do profesorado no equipo de apoio, dependen en boa

⁵ Páxina de Bibliotecas Escolares de Galicia: <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>

⁶ Orde de 17 de xullo de 2007 (DOG de 24/07/2007) que regula a percepción do compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes.



medida os resultados do investimento realizado, tanto en recursos materiais como en formación do profesorado.

- b. A designación como responsable de biblioteca recaerá preferentemente en profesorado definitivo no centro.**

Evitarase sempre o nomeamento de persoal laboral non docente ou profesorado en función de substitución, para esta función de coordinación, clave para dar continuidade á dinámica da biblioteca (aínda que poderán integrarse perfectamente no equipo de apoio).

- c. A distribución de horario debe facerse de forma xusta e axeitada ás necesidades deste importante instrumento educativo ao servizo do centro.**

O esforzo organizativo realizado pola comunidade educativa para a atención da biblioteca escolar, á hora de distribuír as horas dispoñibles no horario do profesorado, trala elección das funcións lectivas, resulta decisivo para poder desenvolver as potencialidades da biblioteca.

A xestión e dinamización dunha biblioteca activa, con beneficios para toda a comunidade educativa e que inflúe en todos os procesos de ensino e aprendizaxe, conleva un número de horas de atención importante. A implicación dos equipos directivos é crucial á hora de distribuír o paquete de horas dispoñible para a atención das necesidades pedagóxicas do centro, e a biblioteca debe ser unha prioridade.

- d. Non resulta procedente equiparar unha sesión de garda na biblioteca, realizada por integrantes do equipo ou pola persoa responsable, a outro tipo de gardas.**

*Unha sesión de garda na biblioteca escolar por parte dos integrantes do equipo, é, ao mesmo tempo, unha sesión de **traballo efectivo** ao servizo da biblioteca e da comunidade educativa (traballo que ademais se poderá identificar e avaliar), a diferenza das gardas de substitución, que poderán facerse ou non, en función de incidencias na asistencia do cadro de persoal e outros imprevistos.*

- e. Son visibles os beneficios nos centros nos que o profesorado do equipo de apoio dedica todas as súas horas fóra de docencia directa ao traballo na biblioteca.** *Desta forma acádase unha especialización neste ámbito por parte do equipo docente que, ou ben porque forman grupos de traballo formais nas estruturas de formación do profesorado, ou ben porque se constitúen en grupos de autoformación (pero seguindo as orientacións da propia consellería), logran avances significativos.*



- f. Un dos factores máis relevantes á hora de obter resultados é a coordinación entre o equipo de biblioteca e, principalmente, o ENDL e o profesorado responsable das TIC ou do programa Abalar, na programación das súas actividades.
- g. *Dá excelentes resultados, así mesmo, a concentración das horas de garda na biblioteca (en horario lectivo ou nos períodos de recreo), no horario daquel profesorado que forma parte do equipo. Desta forma facilítase non só a xestión dos procesos técnicos, a coordinación, o deseño e realización de actividades de dinamización; tamén a posta en marcha de programas de educación para a competencia informacional directamente co alumnado, o asesoramento ao resto do profesorado en materia de lectura, apoio ou responsabilidade directa na materia de proxecto interdisciplinar de 1º de ESO, apoio a proxectos de investigación do alumnado, propostas de carácter interdisciplinar, uso dos recursos dispoñibles en relación coas distintas áreas de aprendizaxe, etc.*
3. A efectos de facer rendibles os importantes investimentos realizados nas bibliotecas e de velar polo cumprimento das funcións que lles corresponde, **a dirección do centro deberá realizar un reparto de horario, máis aló das horas de atención a grupos de alumnos (dentro das horas lectivas e complementarias), axustado ás funcións que o profesorado do equipo de biblioteca e o seu responsable realizan en beneficio de toda a comunidade educativa, aproveitando ao máximo as posibilidades do equipo docente e dando prioridade a atención á biblioteca escolar.**
4. **Cómpre ter en conta que levar a cabo as funcións da biblioteca escolar esixe tempo de coordinación, o que deberá favorecerse desde a xefatura de estudos** no momento de elaborar os horarios de reunións, a efectos de facilitar e optimizar o traballo do profesorado neste ámbito.

*Estas actuacións están amparadas pola normativa vixente que se relaciona⁷. A existencia dun plan anual de actuación (Plan Anual de Lectura e Liñas prioritarias de actuación da biblioteca escolar), xunto coa memoria final de curso deberá terse en conta como **indicador do traballo efectuado e dos resultados obtidos**, así como os mecanismos de avaliación que o propio equipo, xunto coa xefatura de estudos determine. Obsérvase un maior rendemento*

⁷ Orde de 28 de xuño de 2010 (DOG de 6 de xullo de 2010) que modifica normativa anterior en materia de horarios do profesorado para a atención de determinados programas da Consellería. Orde de 17 de xullo de 2007 (DOG de 24/07/2007) que regula a percepción do compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes. Regulamentos Orgánicos dos centros.



naquelas bibliotecas nas que os integrantes do equipo contan cunha hora de coordinación semanal no seu horario, polo que se recomenda facilitar esta cuestión á hora de elaborar os horarios do profesorado. Na práctica, esta hora é, á súa vez, un tempo de traballo efectivo a prol dos obxectivos da biblioteca escolar.

Cuarta: Avaliación

1. As bibliotecas escolares aplicarán indicadores de avaliación para coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos previstos e das liñas de actuación deseñadas.

A través desta dirección xeral poderán ter acceso a diversos instrumentos que facilitarán esta avaliación⁸. Así mesmo, desde a coordinación do Plan LÍA de bibliotecas escolares (Asesoría de bibliotecas escolares) facilitaranse ferramentas axeitadas a esta función.

2. A persoa responsable da biblioteca escolar coordinará a realización dunha memoria anual que incluíra unha avaliación dos servizos ofrecidos pola biblioteca e os apoios e actividades realizadas ao longo do curso escolar así como os traballos de colaboración con outros equipos docentes e responsables dos diversos programas do centro. Esta memoria será visada pola dirección do centro e integrada na Memoria Final do centro que se remite á Inspección. Nos centros PLAMBE, esta memoria deberá recoller, ademais, os aspectos que se contemplan no apartado correspondente da orde anual de convocatoria.

No exercicio das súas funcións, os servizos de inspección educativa favorecerán o desenvolvemento das actividades programadas sobre lectura e uso da biblioteca escolar, e supervisarán o axeitado funcionamento dos servizos e dos programas de bibliotecas escolares, así como a atención prestada a este centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe na organización xeral do centro, posta de manifesto no horario anual do profesorado, e no Plan Xeral Anual do centro.

Quinta: Garantías para o cumprimento destas instrucións.

O persoal desta dirección xeral, adscrito á Asesoría de bibliotecas escolares, orientará e informará en relación aos aspectos metodolóxicos recollidos nestas instrucións de acordo co Proxecto Lector de Centro e a organización e funcionamento da biblioteca escolar.

⁸ Bibliotecas escolares ¿entre interrogantes? Ferramenta de autoavaliación. FGSR-Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (2012)



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

A Inspección Educativa velará polo cumprimento das presentes instrucións, moi especialmente nos centros integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares, e orientará en relación coas mesmas aos distintos sectores da comunidade educativa.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2014
O DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS



Jose Manuel Pinal Rodríguez

ANEXO X
Orientacións

1. Modelo de biblioteca escolar.

Tal e como aparece recollido no Marco de referencia sobre as bibliotecas escolares, publicado polo Ministerio de Educación en 2011, as bibliotecas escolares que se precisan na actualidade son centros de recursos de lectura, información e aprendizaxe: «contornos» educativos específicos integrados na vida da institución escolar. Apoian o profesorado no exercicio das súas prácticas de ensino e facilitan ao alumnado a aprendizaxe dos contidos curriculares, así como a adquisición de competencias e de hábitos de lectura, nunha dinámica aberta á comunidade educativa.

Na biblioteca centralízase todo o material informativo que pode empregarse para os traballos escolares e para o tratamento e fomento da lectura (libros, revistas, xornais, discos, vídeos, discos DVD, mapas, fotografías, diapositivas, materiais de produción propia, seleccións de recursos electrónicos dispoñibles na rede...). A biblioteca acolle, organiza, facilita e difunde, entre os diversos sectores da comunidade escolar, os recursos existentes para un uso eficaz destes. Presta diversos servizos (lectura en sala, préstamo, información, formación de usuarios, orientacións e materiais para a educación documental, actividades de fomento da lectura, acceso á internet...). A súa principal misión é contribuír á adquisición das competencias básicas recollidas no currículo e apoiar os proxectos e programas que leva a cabo o centro educativo, favorecendo, así mesmo, a adquisición e o desenvolvemento de hábitos de lectura entre os distintos sectores da comunidade educativa. Constitúe un instrumento imprescindible para a integración da cultura impresa e a cultura dixital nas intervencións do profesorado e nas prácticas de aprendizaxe do alumnado.

Así mesmo, debe enfrontar o reto de contribuír á correcta alfabetización múltiple do alumnado, competencia esencial para a vida e para as aprendizaxes, tal e como se prevé no documento do Consello da Unión Europea do 26 de novembro de 2012, e que a define como a «comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información, incluídos os textos e imaxes, escritos, impresos ou en versión electrónica».

Para unha axeitada xestión e organización dos materiais, cómpre seguir criterios estandarizados no ámbito bibliotecario, simplificando o sistema de clasificación e adaptándoo ao contexto escolar. A Asesoría de Bibliotecas Escolares publicou no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria diversos materiais de apoio neste sentido (adaptación da CDU para bibliotecas escolares galegas, orientacións, etc.).

CVE-DOG: w2gcc811-roe6-7t5-sp83-17zudjckq85



Desde a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, facilítase aos centros que o soliciten o programa Meiga para a informatización da biblioteca escolar.

O equipo de biblioteca elaborará un plan de adquisicións acollendo as suxestións e necesidades dos diversos ciclos ou departamentos do centro, establecendo prioridades en función dunha actualización equilibrada dos fondos. Segundo as directrices internacionais, unha proporción recomendable sería a dun 60 % de materiais de carácter informativo e un 40 % de materiais de ficción, incluídos todos os soportes. A este respecto, cómpre consultar diferentes recursos dispoñibles no espazo temático das bibliotecas escolares de Galicia, do portal educativo, no enderezo <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>

É recomendable que todos os recursos documentais do centro (agás os de carácter administrativo), sexan xestionados pola biblioteca central, evitando a dispersión destes por aulas, ciclos, departamentos, seminarios e outros lugares, o que dificulta o coñecemento dos fondos existentes e a súa accesibilidade. Isto non quita que a biblioteca realice préstamos temporais en función das necesidades do profesorado, na súa práctica pedagóxica, e do alumnado. As necesidades derivadas da posta en marcha do Proxecto lector ou do tratamento dos distintos aspectos do currículo poden exixir a creación de «seccións de aula», que se nutrirán dos recursos da biblioteca do centro (ou doutras bibliotecas), mediante o sistema de préstamo temporal.

O criterio para a colocación dos fondos terá en conta a accesibilidade a eles por parte do alumnado. Os andeis serán preferentemente abertos, sen pechos nin barreiras innecesarias. Os armarios pechados non facilitan «o acceso directo» promovido no ámbito bibliotecario, tampouco actitudes responsables nin autonomía no uso dos bens comúns.

A existencia dunha biblioteca escolar, organizada e dinamizada, facilita:

- Apoio aos procesos de ensinanza e de aprendizaxe.
- Aprendizaxe autónoma.
- Tratamento da lectura comprensiva en todas as áreas curriculares: alfabetización múltiple.
- Desenvolvemento de habilidades e de competencias básicas.
- Achegamento aos distintos soportes documentais.



- Educación no acceso á información: tratamento da información e competencia dixital.
- Integración das tecnoloxías da comunicación e da información na recollida e tratamento dela, e na selección de lecturas.
- Creación e consolidación de hábitos de lectura e de escritura.
- Acceso igualitario aos recursos culturais.
- Educación nunha vivencia saudable do tempo de lecer.
- Apoio ao alumnado con necesidades educativas específicas.

O horario de funcionamento da biblioteca deberá ser o máis amplo posible, segundo a dispoñibilidade horaria do profesorado; en calquera caso, procurarase que estea aberta, e atendida pola persoa responsable ou por integrantes do equipo de apoio, a totalidade do tempo lectivo. Para a súa apertura no horario extraescolar poderá contarse con persoal auxiliar, en colaboración con outras institucións como a asociación de nais e pais, o concello ou outras, baixo a indispensable coordinación, sempre, do responsable designado pola dirección, logo de acordo escrito e con coñecemento das autoridades educativas.

Os equipos directivos dos centros, atendendo á normativa vixente, preverán o funcionamento da biblioteca escolar como unha das necesidades organizativas do centro e, en consecuencia, terán en conta esta circunstancia á hora da distribución horaria de comezo de curso.

Para ampliar estas orientacións, recoméndase a consulta do Marco de referencia sobre as bibliotecas escolares, publicado polo Ministerio de Educación, Cultura y Deporte (2011), accesible no seguinte enderezo: <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=node/409>

Así mesmo, deberán terse en conta as instrucións do 2 de setembro de 2013, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares, durante o curso 2013/14, nos centros docentes de niveis non universitarios, de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, ou aquelas que especificamente se publiquen para o curso 2014/15.

2. Educación en información. Fomento da lectura.

No deseño de programas de dinamización da biblioteca escolar cómpre ter en conta dous tipos de actividades: aquelas dirixidas á formación do alumnado como usuario da



biblioteca e á adquisición de habilidades e procedementos para o acceso á información e o seu tratamento (o que se coñece como alfabetización informacional ou competencia informacional, e que constitúe un dos obxectivos básicos da biblioteca escolar), e aquelas outras que se engloban no concepto de fomento da lectura: narracións, lectura individual, lecturas compartidas, presentacións de libros, encontros con autores ou ilustradores, libro-fórum, clubs de lectura, apadriñamentos lectores, lecturas compartidas, xogos de animación, talleres de escritura creativa... Cómpre considerar a lectura nun senso amplo: a lectura para aprender, para facer un resumo, para buscar un dato, para resolver un problema, para elaborar un traballo; pero tamén a lectura pracenteira, a que, realizada en soidade ou en compañía, ten como único obxectivo o gozo do texto literario. Así mesmo, é imprescindible orientar e facilitar prácticas de lectura en todo tipo de soportes, atendendo ás particularidades da lectura en pantalla e ampliando a experiencia lectora do alumnado.

A biblioteca escolar ten un papel preponderante á hora de deseñar e desenvolver o Proxecto lector de centro, documento que, segundo o previsto na normativa curricular, articulará todas as intervencións que o centro vai levar a cabo en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, e que se plasmará en plans anuais de lectura.

Da mesma forma, a biblioteca escolar é o espazo natural de achegamento á información en calquera formato, incluído o electrónico. As bibliotecas han ser espazos de integración da cultura impresa e da cultura dixital.

3. Responsable da biblioteca escolar.

O funcionamento eficaz da biblioteca escolar supón unha axuda fundamental para o labor de todo o profesorado, sendo necesaria a colaboración de todos e todas para a súa existencia. Porén, resulta imprescindible a presenza dunha persoa responsable deste recurso do centro. O responsable da biblioteca escolar debe ser designado pola dirección, garantindo no posible a estabilidade e o bo funcionamento deste servizo. Para iso, terase en conta o interese, a idoneidade, a formación ou a experiencia neste ámbito, así como a dispoñibilidade horaria do profesorado.

As funcións do responsable da biblioteca escolar son:

- Elaborar a programación anual de biblioteca escolar, atendendo aos proxectos curriculares do centro e unha memoria final.



- Colaborar ao deseño e posta en práctica do Proxecto lector de centro, coordinándoo, se é o caso.
- Realizar o tratamento técnico dos fondos (seleccionar, organizar, clasificar e catalogar).
- Informar o claustro das actividades da biblioteca e integrar as súas suxestións.
- Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.
- Definir os criterios para o préstamo e atender o servizo xunto co equipo de apoio.
- Asesorar ao profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental, seleccionando e elaborando materiais, xunto co resto do profesorado, para a formación do alumnado nestes aspectos e a dinamización cultural do centro.
- Coordinar o equipo de apoio á biblioteca escolar.

Estas e outras cuestións sobre a dinamización específica da biblioteca escolar están recollidas na Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico para a función titorial e outras funcións docentes (DOG do 24 de xullo).

Deberán terse en conta tamén as instrucións do 2 de setembro de 2013, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, para a organización e o funcionamento da biblioteca escolar, xa aludidas, ou aquelas que especificamente se publiquen para o curso 2014/15.

4. Equipo de apoio.

Estará formado por profesoras e profesores dos diferentes ciclos ou departamentos existentes no centro, que traballarán en coordinación co responsable da biblioteca para a consecución dos obxectivos previstos e a posta en marcha das actividades organizadas. A xefatura de estudos, aproveitando as marxes horarias do cadro de profesorado, preverá as necesidades da biblioteca escolar á hora de elaborar os seus horarios, nos cales quedará recollida a súa participación neste servizo.



As funcións dos integrantes do equipo de biblioteca son:

- Apoiar o responsable da biblioteca na súa organización e dinamización da mesma, desenvolvendo así as funcións que se lle encomendan á biblioteca escolar.
- Recompilar informacións, materiais e recursos necesarios para o bo funcionamento do servizo, co fin de facilitarllelos aos usuarios da biblioteca escolar.
- Cooperar no deseño, organización e posta en marcha das actividades programadas.
- Establecer criterios para a adquisición e actualización dos fondos da biblioteca.
- Recoller propostas e suxestións do profesorado e o alumnado co fin de mellorar as intervencións e colaborar no desenvolvemento da competencia lectora, o hábito lector e as habilidades de traballo intelectual.

5. Comisión de biblioteca no consello escolar.

A creación dunha comisión de biblioteca no seo do consello escolar resulta de grande interese para a sensibilización de todos os membros da comunidade escolar respecto da necesidade deste servizo, procurándolle atención e estabilidade, así como a necesaria colaboración coa biblioteca pública de referencia (inclúese como requisito para a participación na convocatoria do Plan de mellora).

A comisión de biblioteca podería ter a seguinte composición: por parte do consello escolar: un/unha profesor/a, un/unha pai/nai, un representante do concello, un representante da dirección; por parte da asociación de nais e pais, un representante; por parte da biblioteca pública máis próxima, o responsable; o responsable da biblioteca escolar, quen actuará como secretario/a. A comisión reunirse unha vez ao trimestre, presidida pola xefatura de estudos ou o/a director/a.

As funcións desta comisión de biblioteca serían:

- Analizar as necesidades da biblioteca escolar referidas a infraestrutura, equipamento, mantemento e atención en horario lectivo e en horario extraescolar.
- Realizar propostas ao consello escolar para as melloras necesarias.



- Xestionar a apertura da biblioteca en horario extraescolar, procurando as necesarias colaboracións e garantindo que todas as intervencións se realizarán seguindo os criterios establecidos polo equipo de apoio e o responsable da biblioteca escolar.
- Propor estratexias de colaboración entre a biblioteca escolar e a biblioteca pública máis próxima.
- Promover actividades de sensibilización e dinamización cultural entre toda a comunidade escolar.
- Realizar propostas para a adquisición de fondos e equipamento, co correspondente proxecto orzamentario, que se remitirán ao consello escolar.
- Realizar xestións cos sectores culturais, educativos, sociais e económicos do contorno do centro educativo que poidan colaborar coa biblioteca escolar e os seus obxectivos.

